



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERIN

Rúa Cancelón, 1 * 32600 VERIN (OURENSE) * Telf. 988 414 600 Fax: 988 592 085
* mancomunidade@verin.net

Rexistro
Saída
48
07/03/2016

SEC 2016-18

DEPUTACION PROV. OURENSE

ADHESION AO CONVENIO MARCO COA DEPUTACION EN MATERIA DE TRANSPARENCIA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
10 MAR 2016	
N.º ENTRADA 7054	N.º SAIDA

DEPUTACION PROV. OURENSE
RUA DO PROGRESO, 32
32003 - (OURENSE)

Verin, 7 de Marzo de 2016

Sr. Presidente:

Achégolle certificación do acordo que adoptou a Asamblea desta Mancomunidade da miña Presidencia, na súa sesión de data 04.03.2016, relativo á adhesión desta entidade ao convenio marco entre esa Deputación e as entidades locais da provincia, en materia de transparencia e acceso á información pública.

O Presidente,

Asdo. José Luis Suárez Martínez.



Verin, 7 de Marzo de 2016

SANTIAGO LORENZO TABOADA, SECRETARIO-INTERVENTOR DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE VERIN (OURENSE)

CERTIFICO:

Que na Sesión que se indica e en relación co asunto que se cita produciuse a seguinte resolución:

4 de Marzo de 2016

ASAMBLEA EXTRAORDINARIA MANCOMUNIDADE

2. ADHESION AO CONVENIO MARCO COA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.

Sendo as 13,19 horas incorporase a sesión o Sr. Diego Lourenzo Moura quen participa no debate e votación deste e dos seguintes asuntos da orde do día.

Por parte da secretaría, danse unha serie de explicacións sobre o asunto.

Tralo que o Pleno, ao ter en conta que:

A Lei 19/2013 do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bó Goberno, ten como consecuencia que con efectos do 1 de xaneiro de 2016 todas as Administracións Públicas españolas teñen que cumprir coas obrigas de publicidade activa que a devandita Lei impón ás administracións públicas.


Esta Mancomunidade ao igual que moitos concellos e mancomunidades da Provincia, carece dos sistemas que permitan o cumprimento destas obrigas.

Cofecedora desta realidade, a Deputación Provincial propón a adhesión a un convenio marco dirixida a todos os concellos da Provincia, para garantir o cumprimento das obrigas municipais en materia de transparencia.

Mediante acordo plenario do 25 de setembro de 2015, a Deputación aprobou un convenio marco de cooperación en materia de transparencia e acceso á información pública.

Por todo o exposto e ao resultar que neste momento o único xeito de dar cumprimento as obrigas da Mancomunidade en materia de transparencia é mediante a cooperación da Deputación Provincial de Ourense, a Asamblea, por unanimidade dos catorce membros que legalmente a forman, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros (e có que se cumpre a esixencia do Art. 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a adhesión do Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verin ao convenio



MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERIN

Rúa Cancelón, 1 * 32600 VERIN (OURENSE) * Telf. 988 414 600 Fax: 988 592 085

* mancomunidade@verin.net

marco de cooperación da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

SEGUNDO: Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal de Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bó Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

TERCEIRO: Designar como persoa responsable da execución do convenio a Santiago Lorenzo Taboada, Secretario-Interventor, non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta a Asamblea.

E para que así conste, asino a presente no lugar e data arriba indicada.

V e Prace
O Presidente

